

RESOLUCIÓN 05/2026

Reunida en sesión ordinaria a Xunta Electoral da FEGAN, sendo as 18:30h do 4 de agosto de 2026, estando presentes todas e todos os seus membros emiten a presente resolución por unanimidade cos seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

- I. A través da Resolución 02/2026 resolvéronse por esta Xunta Electoral as alegacións presentadas ao censo provisional por parte das persoas electoras para a súa elección de estamento e/ou especialidade para o seu mantemento no censo definitivo.
- II. Así mesmo, a través da Resolución 03/2026 resolveuse por esta Xunta Electoral o mantemento no censo no estamento e/ou especialidade que lle corresponde segundo normativa das persoas electoras que non tiñan manifestado a súa vontade expresa.
- III. A través da Resolución 04/2026 elevouse por parte desta Xunta Electoral o censo provisional a definitivo atendendo ás resolucións expostas nos correlativas precedentes.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

- I. O artigo 8.3 do Regulamento Electoral sobre *"Aprobado definitivamente o censo, a xunta electoral deberá aprobar, no su caso, os cambios que se deban facer na distribución inicial do número de representantes asignado a cada circunscrición electoral por especialidade e estamento, a consecuencia das modificacións do censo electoral provisional."*

Á vista dos cambios realizados no censo definitivo non procede realizar ningún cambio na distribución inicial do número de representantes asignado no Regulamento e corresponde, en consecuencia, confirmar o xa exposto.

- II. O artigo 18.1 do Regulamento Electoral dispón sobre a composición da Asemblea que *"O número de membros da asemblea xeral é de 90, correspondendo ao estamento de clubs deportivos 51 (das cales á especialidade natación correspóndelle 32, á especialidade máster 7, á especialidade natación artística 6, á especialidade wáter-polo 6) ao estamento de deportistas 25, dos cales a deportistas de alto nivel 2 (das cales á especialidade natación correspóndelle 13, á especialidade máster 4, á especialidade natación artística 4, e á especialidade wáter-polo 4), adestradores 7 (das cales á especialidade natación correspóndelle 5, á especialidade natación artística 1 e á*

especialidade wáter-polo 1) e a xuíces 7 (das cales á especialidades natación correspóndelle 5, á especialidade natación artística, 1, á especialidade wáter-polo 1)“

RESOLVEN

Elevar a definitiva a distribución inicial do número de representantes asignado a cada circunscrición electoral por especialidade e estamento no que respecta á composición da Asemblea Xeral de acordo co establecido no artigo 18.

Contra a presente resolución cabe recurso perante o Comité Galego de Xustiza Deportiva no prazo de cinco días hábiles, de conformidade co disposto no artigo 8.3 do Regulamento Electoral.

Para que conste os efectos oportunos, certifico dita resolución co visto e prace do presidente, na Coruña, 4 de agosto de 2026.



Aitor Bouza Manso
Secretario Xunta Electoral



Patricio Sánchez Fernández
Presidente Xunta Electoral